



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

Aceptación da delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Dodro

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Aceptación da delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Dodro.

PRIMEIRO: Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Dodro.

SEGUNDO: Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.

TERCEIRO: Aceptar a delegación relativa á emisión de informes de control financeiro, na modalidade de control permanente, sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa.

CUARTO: Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, **no Boletín Oficial da Provincia da Coruña** e no Diario oficial de Galicia para xeral coñecemento, segundo o previsto no artigo 7.2 do texto refundido la Lei reguladora das facendas locais.

QUINTO: A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no **Boletín oficial da provincia**, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 13 de xuño de 2022

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria xeral,

Amparo Taboada Gil

2022/4558